

ASUNTO: ALLEAMENTO DE DIVERSAS EMBARCACIÓNS INCAUTADAS POR PORTOS DE GALICIA.

Pola Presidencia de Portos de Galicia, previa tramitación dos expedientes preceptivos, se emitiron resolucións, en virtude das que, diversas embarcacións que na actualidade se atopan amarradas ou depositadas en portos dependentes da Zona Sur de Portos de Galicia, foron declaradas en situación de abandono e en consecuencia incautadas por esta entidade, pasando así a converterse en bens patrimoniais mobles integrados no patrimonio de Portos de Galicia.

A normativa base para proceder a declarar o abandono das embarcacións ven constituída polo artigo 128 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia, que di o seguinte:

“1.Portos de Galicia poderá adoptar as medidas necesarias para garantir o tráfico portuario e a dispoñibilidade dos espazos portuarios, das atracadas e dos puntos de amarre. Para tales efectos poderá adoptar a declaración de situación de abandono dun barco, o que permitirá o seu traslado, varada, ancoraxe ou tratamento como residuo.

2.A declaración de situación de abandono esixirá a tramitación do correspondente procedemento, no cal se acreditarán as circunstancias expresadas e se dará audiencia á persoa propietaria e á consignataria na forma prevista na lexislación reguladora do procedemento administrativo común.

3.Para os efectos desta Lei consideraranse abandonados:

- a) Os barcos que permanezan durante mais de tres meses consecutivos atracados, amarrados, ancorados ou depositados en seco no mesmo lugar dentro do porto, sen actividade apreciable exteriormente e sen aboar as taxas correspondentes.
- b) Os barcos que non teñan matrícula ou os datos abondos para a identificación da persoa titular ou consignataria deles e que se atopan no porto sen autorización.

4.Corresponde a Portos de Galicia a propiedade dos buques que fosen declarados en situación de abandono de acordo con esta lei. Ao declararse o abandono do buque, Portos de Galicia acordará o seu alleamento e aplicará o seu produto ás atencións propias da entidade, ou procederá ao afundimento do buque cando, polo seu estado, así o aconsellen razóns de **seguridade marítima(...)**”.





Decretada a incautación e en tanto que ben moble patrimonial incautado, Portos de Galicia pode proceder de acordo co artigo 69 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, ao seu alleamento.

Para proceder a dito alleamento, o artigo 79 da Lei 5/2011, que regula o procedemento de aplicación a bens mobles, admite a posibilidade dun alleamento directo, sen necesidade por tanto de poxa, cando se dean os supostos previstos no

artigo 77, e por tanto, e entre eles, naqueles caso nos que a taxación do ben non exceda dos 6.000 euros, e se incorporen tres ofertas sempre que isto sexa posible.

A totalidade das embarcacións que se recollen no anexo II, segundo ás taxacións efectuadas polos servizos da Zona Sur de Portos de Galicia sobre as que se aplicaron unhas rebaixas lineais dentro o 60 por cento e o 30 por cento en atención ao estado de conservación actual, teñen un valor venal residual que na actualidade é inferior aos 6.000 euros, polo que de acordo co establecido no artigo 79 en relación co 77 da citada Lei, cabe acudir a unha adxudicación directa.

Cara a proceder a dito alleamento e solicitar ofertas, se elaboran unhas bases que se incorporan como anexo I a esta resolución, á que se lle dará publicidade a través do DOGA e da páxina Web de Portos de Galicia; de así estimalo, procederá a publicar un anuncio nun diario de noticias con difusión a nivel do territorio de Galicia.

O prazo límite para formalizar ofertas será o indicado no anuncio da convocatoria.

O prezo de partida para presentar ofertas, será o correspondente ao da peritación do valor venal residual efectuado polos servizos da zona Sur de Portos de Galicia, sobre o que aplícase unha rebaixa lineal dentro o 60 e o 30 por cento en atención ao tempo transcorrido dende que se efectuaron as valoracións e ao estado actual de conservación.

As embarcacións serán adxudicadas á aquelas persoas que presenten oferta de maior contía, e en todo caso, se efectuará a adxudicación sempre que, con carácter de mínimo, se cubra o





prezo base de partida da embarcación, no que non se inclúen os gastos de todo tipo, fiscais, administrativos ou derivados do traslado da embarcación, que se xeren coa transferencia.

Excepcionalmente, non existirá prezo mínimo de partida para formular ofertas, naqueles casos nos que, segundo as valoracións do Xefe de Zona, o valor venal residual do buque sexa de 0 euros, se ben e neste caso, en tanto que negocio puramente patrimonial, Portos de Galicia se reserva o dereito a aceptar ou rexeitar, de maneira motivada, as ofertas presentadas.

Finalizado o procedemento, e respecto daquelas embarcacións que non resulten alleadas por non presentase ofertas ou por resultar insuficiente as presentadas, Portos de Galicia poderá acordar que sigan suxeitas a un procedemento de alleamento directo sen suxeición a prazo algún, no que calquera interesado poderá adquirir a embarcación polo prezo que se indica, ou poderá proceder ao traslado das embarcacións a vertedoiro autorizado, sendo tódolos custes que isto implique a costa dos antigos propietarios.

Con suxeición ao exposto neste documento e nos seus anexos, e de acordo coa proposta elaborada polo Departamento de Secretaría Xeral e Asesoría Xurídica de Portos de Galicia, esta Presidencia, en aplicación do artigo 79 da Lei 5/2011, de Patrimonio da comunidade Autónoma de Galicia, e en base ás competencias previstas polo artigo 17.4 & 2 da Lei 5/1994, de creación de Portos de Galicia delegadas polo Consello de Administración o 30 de xullo de 1998, acorda iniciar procedemento para o alleamento directo das embarcacións que se recollen no anexo V.

Santiago de Compostela

A presidenta





ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA
Servizos Centrais

Praza de Europa 5A – 6ª Planta
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)
T. 881 950 095 – F. 981 545 324
www.portosdegalicia.gal

CVE: AYF5JlaROh4
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

